



A identificación e trazabilidade do gando bovino

A continuación, repasamos as obrigas máis comúns dos titulares de explotacións de gando vacún respecto da identificación animal, e explicamos os cambios que entran en vigor na crotalización bovina a partir de xuño de 2025 en aplicación do Real Decreto 787/2023, que regula o sistema de trazabilidade, identificación e rexistro de determinadas especies de animais terrestres en cativeiro.

M.ª Elena Fernández Rodríguez¹, Carlos Rodríguez Rodríguez², Elio López García³, José Hernández Malagón⁴

¹Departamento de Enxeñaría Agroforestal, USC

²Área de Medio Rural e Mar, Deputación de Lugo

³Innogando

⁴Departamento de Patoloxía Animal, USC

Baseándose na experiencia obtida polas diferentes administracións públicas ante as sucesivas crises alimentarias acaecidas en Europa a finais do século XX e co obxectivo de mellorar a información ao consumidor, a transparencia dos produtos, a sanidade e a seguridade alimentaria, desenvolveuse en España un sistema de trazabilidade animal baseado na aplicación de diferentes requisitos da normativa europea e nacional.

Algún dos aspectos máis relevantes deste modelo de rastrexo é a obriga de introducir os datos básicos das diferentes explotacións gandeiras das

comunidades autónomas (CC. AA.) nun rexistro nacional de carácter informativo e a necesidade de que os propietarios/responsables dos animais comuniquen ás administracións os datos relativos aos movementos dos mesmos (entradas, saídas etc.). Este proceso comeza coa identificación individual (colocación de crotais, bollos ou transpondedores) nos bovinos co obxectivo último de coñecer a vida dun animal desde que nace ata que se sacrifica nun matadoiro ou morre.

O sistema de trazabilidade do gando bovino no noso país consta de cinco elementos básicos: o sistema

integral de trazabilidade animal, os documentos de identificación bovina, os documentos de movemento, o libro de explotación e os medios de identificación físicos.





► ESTE PROCESO COMEZA COA IDENTIFICACIÓN INDIVIDUAL (COLOCACIÓN DE CROTAIS, BOLOS OU TRANSPONEDORES) NOS BOVINOS CO OBXECTIVO ÚLTIMO DE COÑECER A VIDA DUN ANIMAL DESDE QUE NACE ATA QUE SE SACRIFICA NUN MATADOIRO OU MORRE

O Sistema Integral de Trazabilidade Animal (SITRAN) é unha base de datos que rexistra a nivel nacional a información relativa aos animais das diferentes comunidades autónomas, ao incorporar os datos das actividades dos gandeiros (altas, baixas, censos etc.) e das inspeccións da autoridade competente (AC).

O SITRAN componse de tres módulos moi relacionados entre si: o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), o Rexistro xeral de movementos de gando (REMO) e o Rexistro de identificación individual de animais (RIIA) [<https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/trazabilidad-animal/sitran/default.aspx>]

- Os **documentos de identificación bovina ou DIB**, que acompañarán os animais nos seus movementos, recollen os datos básicos do animal (data e explotación de nacemento, raza, número de crotal etc.).
- O **documento de movemento** (en formato electrónico ou en papel) ampara os movementos do gando desde a explotación de orixe ata a explotación de destino e deberá conservarse polo menos tres anos desde a data do traslado.
- O **libro de explotación** (en formato papel ou electrónico), que se gardará durante un período mínimo de tres anos.
- Os **medios de identificación físicos** (crotais) conterán un único código de identificación e permiten a identificación individual. A utilización dos diferentes tipos de crotais (convencionais ou electrónicos) determínase en función da data de nacemento dos animais en virtude da aplicación do RD 787/2023.

Nos bovinos nados antes do 30 de xuño de 2025 utilizaranse dous

crotais non electrónicos (convencionais) con caracteres codificados (un en cada orella) de letras (identificación de país) e díxitos (doce).



Letras: identifican o país

Un díxito: de utilidade determinada pola AC

Un díxito: de control ou verificación para detectar erros

Dous díxitos: de identificación da comunidade autónoma, Ceuta ou Melilla

Oito díxitos: de identificación individual do animal

Para os **bovinos nados despois do 30 de xuño de 2025** (e voluntariamente para os demais) utilizarase un crotal electrónico na orella esquerda, que contén no seu interior un chip electrónico que permite a súa lectura mediante un lector, e un crotal convencional na orella dereita, con caracteres codificados.



Os díxitos 724 (na porción electrónica) ou as letras ES (na porción visual): identifican a España

Dous díxitos: corresponden á especie identificada, "22" (para bovinos reidentificados electronicamente "27")

Dous díxitos: de identificación C. A., Ceuta ou Melilla

Oito díxitos: de identificación individual do animal

Fuente: MAPA, 2024

De forma excepcional téñense en conta outros medios de identificación que non sexan crotais como son:

- Un bolo ruminal en determinadas explotacións extensivas ou semiextensivas, localizadas en zonas de difícil acceso, previa solicitude do titular á AC. ►►



► COMO NORMA XERAL E SALVO ALGUNHAS EXCEPCIÓNS, CADA VEZ QUE UN ANIMAL CAMBIA DE REGA, DEBERASE EXPEDIR UN NOVO PASAPORTE (DIB) A NOME DO NOVO TITULAR



- Un bolo ruminal ou un transpondedor inxectable (este último aplicado unicamente por un veterinario) a bovinos que se atopen en establecementos de confinamento ou cando concorran motivos culturais, históricos, recreativos, científicos ou deportivos e a petición do titular á AC.

- Ao bovinos macho de raza de lida poderánselles retirar os crotais no momento da ferradura e afillado dos animais.

É moi recomendable colocar os crotais na parte central das orellas para evitar que se perdan e, no caso concreto do crotal electrónico, a parte feminina onde se asenta o chip electrónico debe colocarse na cara anterior da orella, para que esta parte sexa a que se observe ao colocarnos fronte ao animal.

OBRIGAS DOS GANDEIROS/PROPIETARIOS DO GANDO RESPECTO DOS NACEMENTOS, MORTES E MOVEMENTOS DOS ANIMAIS

Cando nace e morre un animal

Ao nacer o animal, o propietario ten que identificalo nun prazo de 20 días desde o nacemento e sempre antes de abandonar a explotación, coa excepción das explotacións extensivas ou semiextensivas nas cales, previa solicitude á AC, podería ampliarse este prazo ata os 9 meses.

Unha vez identificado o animal, anotarase os seus datos no libro de rexistro e imprímese o seu correspondente DIB.

A morte do animal acompañarase da anotación no libro de explotación da data do deceso e a notificación á AC desta no prazo de 7 días. No caso de sacrificio en matadouro para consumo, son os xestores das empresas os que se responsabilizarán

da xestión do DIB e da comunicación á AC do sacrificio.

Saídas e entradas de animais na explotación

Cando un animal chega á explotación, hai un prazo máximo de 7 días para notificar esta entrada á AC, expedir o novo DIB e anotar no libro de explotación a nova incorporación. Cando se incorpore un animal procedente doutro Estado membro da UE, do mesmo xeito que no caso anterior, apuntarase a súa chegada no libro de explotación e notificarase nos 7 días posteriores á súa chegada á AC. Con todo, estes bovinos conservarán os medios de identificación do país de orixe, pero no momento no que se perdan ou deterioren substituiranse por outros que cumpran as características dos crotais españois, conservando o mesmo código de identificación. Unha vez incorporados á explotación, expedirase un novo pasaporte cos datos do animal e do novo propietario, que se integrarán ao RIIA.

No caso de que o animal saia da explotación cara a un destino nacional, da UE ou dun terceiro país, o propietario antes da partida deberá comprobar a documentación e os posibles requisitos sanitarios necesarios para o traslado (necesidade de guía, TRACES etc.). Do mesmo xeito que no caso anterior, existe un prazo máximo de 7 días para notificar esta saída á AC e de anotar este movemento no libro de rexistro.

Como norma xeral e agás algunhas excepcións, cada vez que un animal cambia de REGA, deberase expedir un novo pasaporte (DIB) a nome do novo titular. ■

INFORMACIÓN ADICIONAL

Para completar esta información sobre identificación animal pódense consultar as seguintes páxinas web:

https://ec.europa.eu/food/animals/identification/bovine-animals_en

<https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/trazabilidad-animal/identificacion-animal/bovino/>

https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/legislacion/identificaciondebovinosnacidosdespuesdel30dejuniodel2025_tcm30-661069.pdf


BIBLIOGRAFÍA

1. Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, de 9 de marzo de 2016, relativo ás enfermidades transmisíbles dos animais e polo que se modifican ou derrogan algúns actos en materia de sanidade animal ("Lexislación sobre sanidade animal").
2. Regulamento delegado (UE) 2019/2035 da Comisión de 28 de xuño de 2019 polo que se completa o Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello no referente ás normas sobre os establecementos que teñan animais terrestres e as plantas de incubación, e á trazabilidade de determinados animais terrestres en cativeiro e dos ovos para incubación.
3. Regulamento de Execución (UE) 2021/520 da Comisión de 24 de marzo de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á trazabilidade de determinados animais terrestres en cativeiro.
4. Real Decreto 479/2004, de 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.
5. O Real Decreto 728/2007, de 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movementos de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.
6. Real Decreto 787/2023, de 17 de outubro, polo que se ditan disposicións para regular o sistema de trazabilidade, identificación e rexistro de determinadas especies de animais terrestres en cativeiro.
7. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA, 2024). Identificación de bovinos nados despois do 30 de xuño de 2025-España. Subdirección Xeral de Sanidade e Hixiene Animal e Trazabilidade. (Dispoñible en: https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/legislacion/identificaciondebovinosnacidosdespuesdel30dejuniodel2025_tcm30-661069.pdf)



Gestión integral con UNIFORM

*Contacta con nosotros y descubre cómo
mejorar la eficiencia de tu rebaño*



¿Quieres saber lo que piensan nuestros
clientes? ¡Echa un vistazo a sus opiniones!

Lucía García Lens




+34 650 90 58 91



lucia@uniform-agri.com

MILK CELL ANALYSIS PARA LA SERIE VMS™ V300

Mejora la calidad de la leche. Con precisión.



POTENCIADO POR

DeLaval
Plus



Mejora tu
detección
de mastitis



Mejora tu
gestión de la
salud de la ubre



Mejora tu
calidad de
leche

TU
VMS™
A TU
MANERA

Cuando la calidad de la leche y la detección temprana de mastitis son importantes para ti.

Milk Cell Analysis (MCA) es un sensor de recuento de células somáticas ultrapreciso y en tiempo real que se integra con DeLaval Plus, poniendo a tu alcance información precisa y procesable para ayudarte en el control de la calidad de la leche, la salud de la ubre y la gestión del riesgo de enfermedades.

Para saber más sobre cómo mejorar tu rendimiento, a tu manera, visita delaval.es o contacta con tu distribuidor DeLaval.



delaval.es



 **DeLaval**

SERIE DELAVAL VMS™ V300

Ya disponible

DeLaval VMS™ 2025

Más inteligente, rápido suave y flexible

MÁS RÁPIDO Y SUAVE:
ORDEÑO FLOW-RESPONSIVE™

MÁS FLEXIBLE:
PLAZA MÁS AMPLIA

MÁS INTELIGENTE:
DELAVAL PLUS

SOFISTICADO:
INSIGHT™

LIMPIA Y PREPARA:
PUREFLOW™



VMS™ acaba de mejorar aún más. Equipado ya con nuestro brazo robótico más sofisticado y tecnología de limpieza y preparación simultáneas, VMS™ presume ahora de un ordeño aún más rápido y suave para vacas de todas las razas y tamaños. Todo ello potenciado por un conjunto en constante evolución de potentes servicios de gestión, análisis y predicción. Flexible y adaptado al futuro en la forma en que prefieras ordeñar.



Descubre cómo VMS™
2025 te permite trabajar
a tu manera.

TU
VMS™
A TU
MANERA

DeLaval no afirma que los resultados aquí reflejados serán alcanzados por todos los usuarios y esta información no constituye una garantía de servicio o rendimiento. El rendimiento y la mejora reales e individuales dependerán de una serie de factores, como las prácticas de ordeño, el tipo de vacas y las prácticas de mantenimiento de la granja y el rebaño.

 **DeLaval**